

De onde vén o nome da cidade de Vigo? A orixe do topónimo

Vicus, Vico, Úig... As hipóteses que tratan de clarear de onde vén o topónimo da cidade olívica sucédense unhas tras outras. Todo se centra en dous supostos: Orixe latina ou orixe viquinga

The linked image cannot be displayed. The file may have been moved, renamed, or deleted. Verify that the link points to the correct file and location.

O topónimo de Vigo ten a súa orixe no Imperio Romano ou na Alta Idade Media? Prové do latín ou do gaélico-nórdico?

A versión más extendida: Vicus

Que o topónimo da cidade olívica é a evolución do nome da cidade romana *Vicus Spacorum* é a versión máis estendida e quizais a máis coñecida pola poboación. Incluso o Concello, na súa páxina web, comparte esta teoría.

O termo latino *vicus* significa aldea ou pequeno asentamento de poboación. Algúns investigadores aseguran que o Vigo do Imperio romano non era precisamente unha aldea, **polo que consideran que a teoría de *Vicus* non se sustenta.**

Os expertos -investigadores e arqueólogos- comezaron a afirmar hai uns anos que realmente o nome de Vigo puido xurdir de *Vico*. E é que, ao parecer, no Itinerario Antonino -un documento da Roma Antiga en que están recompiladas as rutas do Imperio romano- non se encontran referencias a ningún lugar chamado *Vicus* no territorio en que está Vigo. Oo que sí se menciona, segundo o investigador César González Crespán, é un *Vico Spacorum* e un *Burbida*.

Porén, outros historiadores cren que o topónimo de Vigo sí que puido xurdir de *Vicus*. Non polo feito de que puxese nome á cidade durante a época do Imperio romano, **senón porque aseguran que**

foi o nome que se lle outorgou tras a caída do Imperio. *Vicus* podería ter sido unha pequena aldea onde parte da poboación se asentou **en torno á igrexa de Santiago de Vigo, nas abas do Castro.** Isto chocaría coa teoría de que o topónimo "Vigo" ten orixe romana, xa que estes feitos daríanse no período da Alta Idade Media.

Burbida?

Ata hai poucos anos asociábase á cidade romana de *Burbida* co municipio de Pazos de Borbén, polo seu parecido no nome. A día de hoxe, **algúns arqueólogos atribúen que *Burbida Magna* era o nome de Vigo na época do Imperio romano.** Isto contribúe á teoría de que a orixe do topónimo actual non está relacionado cunha cidade romana.

O certo é que esta hipótese tamén foi "botada por terra" por outros investigadores que **consideran que non se tiveron en conta correctamente as distancias á hora de afirmar esta teoría.**

No obstante, non todo está perdido para aqueles aos que lles resulta atractiva a idea de que a orixe do nome de Vigo sexa romano. Hai moitos historiadores que aseguran que hai documentos antigos en que se fai referencia, non só a *Burbida*, senón a tres lugares no mesmo nivel temporal que poderían ter estado emprazados dentro do perímetro vigués de hoxe en día: **Turonio, Burbida e Vico.** Estes tres nomes formarían parte do pasado da cidade, e **o terceiro sería a orixe do topónimo actual.**

Unha adaptación da palabra gaélica *Úig*

Por se non había suficientes hipóteses, **un equipo de filólogos da asociación Proxecto Gaelaico asegurou en 2015 que o topónimo podería ter orixe na palabra gaélica *Úig*, que significa "baía".** Algo que ten moito sentido tendo en conta que a cidade está asentada sobre unha baía cunhas características moi similares ás que se poden encontrar nas as zonas nórdicas.

Eles tamén avalan a teoría de que o potente Vigo romano denominouse unicamente *Burbida* e que non houbo ningún *Vicus* o *Vico* do que nacese o termo actual. Tamén declararon que **atribuír ao topónimo actual unha orixe romana parte da intención de certos historiadores que, nalgún momento, preferiron latinizar o pasado.** Critican o feito de que se acepten teorías etimolóxicas tradicionais en lugar de ter en conta as visitas, posteriores ao período románico, de pobos nórdicos en Galicia.

Por agora parece non haber consenso entre as diferentes hipóteses da orixe do topónimo. Porén, a gran variedade de teorías deixan oco á imaxinación dos vigueses que, **poden escoller á súa preferencia se prefiren acollerse á orixe romana oa á orixe viquinga do nome de Vigo.**